

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

EXTRACTO da Orde do 27 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes desta consellería, para o curso académico 2021/22 (código de procedemento ED601A).

BDNS (Identif.): 652085.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais de alumnado legalmente constituídas, que xestionan os comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil (código de procedemento ED601A).

Segundo. *Obxecto*

Axudas económicas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios.

As axudas económicas irán destinadas a sufragar os gastos de xestión do servizo de comedor escolar.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 27 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas



asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes desta consellería, para o curso académico 2021/22 (código de procedemento ED601A).

Cuarto. *Contía*

Importe total da convocatoria: 1.200.000 €.

Tipo de actuación	Orzamento
Axudas destinadas á xestión do servizo de comedor	1.200.000 €

Contía das axudas: ata un máximo do 100 % do gasto xustificado pola prestación do servizo de comedor do centro escolar correspondente.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da Orde do 27 de setembro de 2022 no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: nn5hbee6-d217-hid3-qbs0-sti832zoqlq7

